



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Inglés Científico-Técnico | Código | 613G03028 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Lyons , Aoileann Judith | Correo electrónico | aoileann.lyons@udc.es | |
| Profesorado | Lyons , Aoileann Judith | Correo electrónico | aoileann.lyons@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo de textos en lingua inglesa de diferentes ámbitos da ciencia e a tecnoloxía Consolidación de competencias C1. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A6 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa. |
| A9 | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A12 | Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica. |
| A16 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa. |
| A18 | Dominar a gramática da lingua inglesa. |
| A20 | Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|--|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias / Resultados do título |
| Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica. Dominio instrumental da lingua. | | | A2 |
| | | | B1 |
| | | | C6 |
| | | | A6 |
| | | | C8 |
| | | | A20 |



| | | | |
|---|--------------------------------------|----------------------|----|
| Ser críticos e capaces de resolver problemas | A1 | B8 B9 | C6 |
| Expresarse en idioma estranxeiro. Valorar a importancia da aprendizaxe e a innovación tecnolóxica | A6 A18 | B2 B3 B6 B7 | C3 |
| Coñecemento avanzado da lingua inglesa, oral e escrita | A6 A9 A11 A12 A16 A18 | B4 | |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Características do discurso especializado: ESP e EST | 1.1. Trazos xerais 1.2. Características gramaticais: morfoloxía e sintaxe 1.3. Características léxicas: vocabulario específico 1.4. Características textuais: coherencia e cohesión |
| 2. Redacción científica | 2.1. Paráfrase 2.2. Resumos 2.3. Sistema de citación |
| 3. Textos científicos e técnicos de diversos tipos | 3.1. Comprensión lectora 3.2. Comprensión auditiva 3.3. Tradución |
| 4. Presentación oral de temas científicos ou técnicos | 4.1. Divulgación científica 4.2. Estratexias de comunicación efectiva |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A2 A6 A9 A11 A12 A16 A18 A20 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C3 C6 C8 | 14 | 25 | 39 |
| Seminario | A1 A2 A6 A11 A18 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C3 C6 | 7 | 15 | 22 |
| Presentación oral | A6 A9 A12 A18 B2 B3 B4 B7 B9 | 4 | 20 | 24 |
| Proba mixta | A1 A2 A11 A12 A18 B1 B2 B3 B7 B9 C6 | 2 | 0 | 2 |
| Portafolios do alumno | A1 A2 A6 A9 A11 A12 A16 A18 A20 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C3 C6 C8 | 4.5 | 20 | 24.5 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------------|--|
| Sesión maxistral | Clases sobre gramática, léxico e organización do discurso científico-técnico |
| Seminario | Realización, discusión e corrección de actividades relacionadas con diversos aspectos do inglés científico-técnico |
| Presentación oral | Exposición oral dun tema científico de modo divulgativo |
| Proba mixta | Exame final na data oficial no que o alumnado amosará o seu coñecemento dos contidos do curso e o seu dominio das destrezas estudadas e practicadas. |
| Portafolios do alumno | Glosario e exercicios relacionados coa elaboración, organización, comprensión e tradución do discurso técnico. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|--|
| Seminario | O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---|--|---------------|
| Proba mixta | A1 A2 A11 A12 A18 B1 B2 B3 B7 B9 C6 | Selección de exercicios similares aos realizados durante o curso para avaliar o aprendido. | 50 |
| Presentación oral | A6 A9 A12 A18 B2 B3 B4 B7 B9 | Exposición oral sobre un tema científico | 25 |
| Portafolios do alumno | A1 A2 A6 A9 A11 A12 A16 A18 A20 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C3 C6 C8 | Glosario e tarefas presenciais | 25 |
| Outros | | | |

Observacións avaliación



Para superar a materia, a suma da proba mixta final, a presentación oral e o portafolios deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima proba mixta final deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, utilización indebida de IA, etc.) penalizarase coa cualificación de 0 (Suspenso) na convocatoria (1ª e 2ª oportunidades), de acordo co establecido no artigo 11, 4b do "Regulamento disciplinar do estudantado da UDC". Para detectar o plaxio poderás usarse a aplicación Turnitin, que reconece traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante.

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada (máximo retraso: 5 días).

Os/as alumnos/as que non se presenten o día da proba de xaneiro ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron a presentación oral ou o portafolios.

AVALIACIÓN XULLO: Os/as estudantes que non teñan acadado un 4 na proba mixta (aínda que a nota media sexa superior a 5) terán que ir á oportunidade de xullo, na que poderán recuperar as partes suspensas segundo a seguinte distribución de porcentaxes: proba mixta (50%), presentación oral (25%) e tarefa equivalente ao portafolios (25%). Se publicarán instrucións específicas para esta oportunidade ao rematar o cuatrimestre.

O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de DECEMBRO avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. Alumnado con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa desta universidade, poderá ser avaliado en calquera das dúas oportunidades seguindo os mesmos criterios da segunda oportunidade de xullo.

Atención á diversidade: A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles naUDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, co a Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Igualdade de xénero: Nesta materia usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores y de autoras e propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas por igual. Do mesmo xeito, procurarase identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas así como fomentar valores de respecto e igualdade. No caso de detectarse situacións de discriminación por razón de xénero, proporanse accións e medidas para corrixilas.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Brieger, Nick and Alison Pohl (2007). Technical English Vocabulary and Grammar. Summertown Publishing- García Mayo, Pilar (2000). English for specific purposes discourse analysis and course design. Universidad del País Vasco- Luttkhuizen, Frances M. (2001). English for specific academic purposes health sciences. Barcelona : Edicions Universitat de Barcelona- Paltridge, Brian; Starfield, Barbara (2013). The handbook of English for specific purposes. Boston: Wiley-Blackwell- Vaclavik, Jaroslav (1989). Scientific and technical English. Verlag der Fachvereine an den schweizerischen Hochschulen und Techniken- Webber, Martin (1985). Elementary technical English. Nelson- Wellman, Guy (1989). English Wordbuilder: Vocabulary Development and Practice for Higher-level Students. Oxford: Heinemann- Zabielska, Magdalena, ed. lit.; Wasikiewicz-Firlej, Emilia, ed.; Szczepaniak-Kozak, Anna, ed. (2015). Discourses in Co(n)text: The Many Faces of Specialised Discourse.. Cambridge: Cambridge Scholars Publishing |
| Bibliografía complementaria | Collazo, J.L. 1980. Diccionario Enciclopédico de Términos Técnicos Inglés Español Español Inglés (3Vol.). New York: McGraw and Hill |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| |
|--|
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías